

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As herbas de San Xoán en Culleredo

Pola noite de San Xoán na parroquia de San Estevo de Culleredo, Culleredo (A Coruña) déixase no exterior da casa unha tina con auga na que se botan partes de vexetais con propiedades máxicas. En Culleredo cóllense as seguintes herbas: herba luísa, santa maría, espadana, ruda, castiñeiro, nogueira, romeu, nai de tódalas herbas, que reciben o orballo purificador desa máxica noite. Pola mañá tense que lavar a cara con esta auga que posúe propiedades milagreiras.

Xa Rosalía de Castro fala desa tradición nun poema: Vinte unha crara noite / noitiña de San Xoán / poñendo as frescas herbas / na fonte a serenar.

[Información recompilada polos alumnos do colexio Tarrío, Culleredo (A Coruña) no curso 2000-2001 ao realizar un [estudo](#)

das fontes de Culleredo baixo a dirección dos profesores Francisco Arturo Pita Fernández, Esperanza Monasterio Álvarez e Aurelio Solla Monteagudo]

COMENTARIOS ENVIADOS

Non só en Culleredo, na Costa da Morte, as nosas avoas recollen e preparan as herbas para que ao día

seguinte nos lavemos. Pasa así tódolos San Xoáns

Enviado por Marti o 20/06/2009 ás 11:29:26

Hoxe é o día. De pequena saía cos meus avós a recoller as herbas de San Xoan para deixalas na horta metidas nunha tina de latón. Pola mañá lavabamos a cara coa auga.

O último San Xoan que pasei en Cangas (haberá 4-5 anos) vin que a xente vendía feixes de herbas de San Xoan xa preparados no mercado.

Enviado por Susana o 23/06/2009 ás 20:51:05

Dende ben cativo faciamos iso mesmo na miña casa.

Nesa noite deixamos unha tina con auga e herbas para limpar os males o seguinte día.

Ben sei que hai unhas herbas en específico, mais nós recollemos o que nos cadre, pero sempre e cando o número de plantas diferentes sexa impar ou múltiplo de tres. Normalmente van fiunchos, rosas e romeu. E despois deixamos a tina a noite enteira no exterior a que lle de a última xeada do verán, que por aquelas aínda cae.

Así é como o facemos na miña casa, e nunca nos cuestionamos o porqué, pero todos estamos de acordo en que xa que é fácil de preparar, por que non o imos facer?

En resposta a un comentario anterior, no mercado de Santiago tamén fan o de vender as herbas, mais estou a pensar que esas plantas non son das de lavar a cara, senón das do ramo que se deixa todo o ano a secar para ser queimado no seguinte San Xoán.

Dende logo, o San Xoán envolve moitas tradicións xuntas e cando o celebramos sinto que estamos a festexar o "ano novo galego", mesma sensación que teño co Samaín.

Enviado por Xerome o 01/11/2021 ás 19:10:32